

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

- 10585** *Real decreto lei 13/2021, do 24 de xuño, polo que se modifican a Lei 2/2021, do 29 de marzo, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, e o Real decreto lei 26/2020, do 7 de xullo, de medidas de reactivación económica para facer fronte ao impacto da COVID-19 nos ámbitos de transportes e vivenda.*

A evolución da epidemia da COVID-19 e as coberturas de vacinación que se están acadando ao longo do primeiro semestre de 2021 en España permiten expor o inicio dunha redución progresiva dalgunhas das medidas de control da transmisión. Este proceso culminará, en última instancia, cando as coberturas de vacinación do total da poboación e en cada un dos grupos que a compoñen se sitúe por riba do 70 % ou, polo menos, nos grupos albo para a vacinación, e a situación epidemiolóxica se manteña de forma estable, en todos os territorios, por baixo do nivel de alerta 1, no que se deu en chamar «Nova normalidade», no documento «Actuacións de resposta coordinada para o control da transmisión da COVID-19», do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, dispoñible na páxina web do Ministerio de Sanidade.

Unha das medidas que tivo un maior impacto no control da transmisión, permitindo pola súa vez un certo grao de interacción social, foi a obrigatoriedade do uso de máscaras que establece o artigo 6 da Lei 2/2021, do 29 de marzo, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

Débese atender, ademais de á evolución da epidemia da COVID-19 nos diferentes territorios do país, ás coberturas crecentes que se están acadando co programa de vacinación, en particular dos grupos máis vulnerables: o 23 de xuño de 2021, o 100 % e o 96,4 % dos maiores de 80 e 70 anos, respectivamente, con pauta completa, e o 93,2 % e o 86,3 % dos maiores de 60 e 50 anos, respectivamente, cunha dose; ademais, o 50 % de toda a poboación xa recibiu, polo menos, unha dose da vacina. Neste contexto, pódese expor a pertinencia de rebaixar a obrigatoriedade do uso de máscaras en determinados ambientes e escenarios do mesmo xeito que están facendo outros países con situacións similares da nosa contorna.

Todos estes datos e, en particular, a evidencia científica sobre o menor grao de transmisión do coronavirus SARS-CoV-2 en espazos ao aire libre fan necesario, ao xuízo do Goberno, establecer cambios nas medidas sanitarias de carácter non farmacolóxico que afectan o conxunto da poboación, entre as cales se encontra o uso de máscaras.

Os cambios que introduce este real decreto lei afectan, principalmente, a eliminación do uso obrigatorio de máscaras na vía pública e en espazos ao aire libre. Por iso, mediante este real decreto lei modifícase o artigo 6 da Lei 2/2021, do 29 de marzo, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, para facer efectiva a medida prevista.

Mantense, con todo, a obrigatoriedade do uso da máscara ao aire libre cando se produzan aglomeracións e non se poida manter unha distancia mínima de 1,5 metros de distancia entre persoas, salvo grupos de conviventes. Tamén segue sendo obrigatorio o uso de máscara nos medios de transporte público, e especificase que isto inclúe plataformas e estacións de viaxeiros e teleféricos. Porén, deixa de ser obrigatorio o uso de máscara para os pasaxeiros de buques e embarcacións cando se encontren nos espazos exteriores da nave e se poida manter a distancia de seguridade de 1,5 metros. Regúlase, ademais, o uso de máscara nos eventos multitudinarios ao aire

libre, de modo que será obrigatoria cando os asistentes estean de pé ou, se están sentados, cando non se poida manter 1,5 metros de distancia entre persoas, salvo grupos de conviventes.

Aténdese, así mesmo, ás especiais circunstancias do ámbito penitenciario. Nas institucións penitenciarias cómpre que a regulación do uso da máscara se adapte ás particularidades dos centros penitenciarios e da súa organización, así como ás necesidades da poboación reclusa e dos empregados destas institucións. Por iso, as decisións nesta materia atribúenselle á autoridade penitenciaria competente.

Por outra banda, o artigo 15.2 da Lei 2/2021, do 29 de marzo, en relación coa Liga de Fútbol Profesional e coa Liga ACB de baloncesto, atribúelle ao Consello Superior de Deportes, logo de consulta ao organizador da competición, ao Ministerio de Sanidade e ás comunidades autónomas, as decisións sobre capacidade ou as medidas de prevención e protección de deportistas e público, en función das circunstancias sanitarias. Este réxime particular, previsto polas especificidades destas competicións, que teñen lugar en todo o territorio nacional, deixa de ser necesario unha vez normalizada a situación e renovadas as competicións profesionais, coa incorporación progresiva do público a elas. Por iso, mediante este real decreto lei derrógase o número 2 do artigo 15 da Lei 2/2021, do 29 de marzo.

Xunto coas mencionadas medidas, o artigo 6 do Real decreto lei 26/2020, do 7 de xullo, de medidas de reactivación económica para facer fronte ao impacto da COVID-19 nos ámbitos de transportes e vivenda, establece restricións de acceso ás terminais dos aeroportos de forma indefinida. A evolución da pandemia e o avance da vacinación e protección da poboación contra ela aconsellan establecer un procedemento para a adecuación das ditas restricións ás necesidades de saúde pública, en atención ao nivel de protección acadado pola cidadanía e para contribuír á recuperación da actividade económica e á paulatina volta á normalidade, en particular para a reactivación do turismo. Por iso, mediante este real decreto lei modifícase o artigo 6 do citado Real decreto lei 26/2020, do 7 de xullo, engadíndolle un número 3, co fin de recoller a posibilidade de que, mediante acordo do Consello de Ministros, por proposta dos ministros de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e de Sanidade, se poidan modificar as limitacións de acceso aos edificios terminais dos aeroportos de interese xeral, en atención á evolución da pandemia.

Do mesmo xeito que ocorreu coas medidas iniciais sobre o uso da máscara, que estableceu o Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, estas medidas requiren adoptarse con celeridade e cómpre trasladarlle unha mensaxe clara e inmediata á cidadanía, que cumpriu de maneira exemplar e responsable as diversas medidas que foron adoptando as autoridades sanitarias desde o inicio da pandemia. É xusto, por iso, que as normas que rexen nas súas actividades e relacións cotiás sexan proporcionadas e acordes coa súa finalidade e coa evolución dos indicadores epidemiolóxicos.

A citada necesidade de adoptar as medidas rapidamente non se podería ver satisfeita nin sequera cunha tramitación parlamentaria pola vía de urxencia. De aí a extraordinaria e urxente necesidade de aprobar este real decreto lei para adecuar á situación epidemiolóxica en que se encontra o país as normas sobre o uso de máscaras. Urxente e extraordinaria necesidade sobre a cal o Tribunal Constitucional se pronunciou en diversas ocasións (STC 139/2016, do 21 de xullo) mantendo que «a adecuada fiscalización do recurso ao decreto lei require, por conseguinte, que a definición polos órganos políticos dunha situación «de extraordinaria e urxente necesidade» sexa «explícita e razoada» e que, por tanto, «o presuposto habilitante da «extraordinaria e urxente necesidade» sempre se deberá levar a cabo mediante a valoración conxunta de todos aqueles factores que determinaron que o Goberno ditase a disposición legal excepcional». A valoración da situación actual, definida polos indicadores epidemiolóxicos, así como polo grao de vacinación acadado, xustifica pór en marcha unhas medidas como as recollidas por este real decreto lei que, sen dúbida, supoñen un beneficio inmediato para a cidadanía, á vez que resultan proporcionadas á

situación epidemiolóxica que atravesamos o país, axustándose, polo tanto, ao «xuízo político ou de oportunidade que corresponde ao Goberno» realizar (STC 182/1997, do 30 de outubro).

Así mesmo, este real decreto lei responde aos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en particular aos de eficacia, eficiencia e proporcionalidade, ao delimitarse neste texto normativo de forma clara os supostos en que é obrigatorio o uso de máscaras, así como as súas excepcións, e axustar todo iso aos indicadores máis recentes e favorables da evolución da pandemia. Tamén se axusta ao principio de seguridade xurídica ao dotar a cidadanía dunha norma en que se prevé a regulación do uso de máscaras e ao suprimir unha regulación que quedara superada no que se refire a determinadas competicións deportivas profesionais. En canto ao principio de transparencia, esta norma está exenta dos trámites de consulta pública, audiencia e información pública, por tratarse dun decreto lei, tal e como autoriza o artigo 26.11 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

Os títulos competenciais en virtude dos cales se dita este real decreto lei son os previstos no artigo 149.1.16.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia en materia de sanidade exterior, bases e coordinación xeral da sanidade e lexislación sobre produtos farmacéuticos, e 149.1.20.^a, que lle atribúe ao Estado a competencia en materia de aeroportos de interese xeral e tránsito e transporte aéreo.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta dos ministros de Sanidade, e de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 24 de xuño de 2021,

DISPOÑO:

Artigo primeiro. *Modificación da Lei 2/2021, do 29 de marzo, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.*

A Lei 2/2021, do 29 de marzo, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, queda modificada nos seguintes termos:

Un. O artigo 6 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 6. *Uso obrigatorio de máscaras.*

1. As persoas de seis anos en diante quedan obrigadas ao uso de máscaras nos seguintes supostos:

a) En calquera espazo pechado de uso público ou que se encontre aberto ao público.

b) En calquera espazo ao aire libre no cal, pola aglomeración de persoas, non resulte posible manter unha distancia mínima de 1,5 metros entre elas, salvo grupos de conviventes.

c) Nos medios de transporte aéreo, marítimo, en autobús, ou por ferrocarril, incluídas as plataformas e as estacións de viaxeiros, ou en teleférico, así como nos transportes públicos e privados complementarios de viaxeiros en vehículos de ata nove prazas, incluído o condutor, se os ocupantes dos vehículos de turismo non conviven no mesmo domicilio. No caso dos pasaxeiros de buques e embarcacións, non será necesario o uso de máscaras cando se encontren dentro do seu camarote, nin en espazos exteriores da nave cando se poida manter a distancia de seguridade de 1,5 metros.

d) Nos eventos multitudinarios ao aire libre, cando os asistentes estean de pé ou, se están sentados, cando non se poida manter 1,5 metros de distancia entre persoas, salvo grupos de conviventes.

2. A obrigaón contida no punto anterior non será exigible nos seguintes supostos:

a) Ás persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que se poida ver agravada polo uso da máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitar a máscara, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización.

b) No caso de que, pola propia natureza das actividades, o uso da máscara resulte incompatible, conforme as indicacións das autoridades sanitarias.

c) Naqueles lugares ou espazos pechados de uso público que formen parte do lugar de residencia dos colectivos que alí se reúnan, como son as institucións para a atención de persoas maiores ou con diversidade funcional, as dependencias destinadas a residencia colectiva de traballadores esenciais ou outros colectivos que reúnan características similares, sempre que os ditos colectivos e os traballadores que alí exerzan as súas funcións teñan coberturas de vacinación contra o SARS-CoV-2 superiores ao 80 % con pauta completa, acreditado pola autoridade sanitaria competente.

Esta última excepción non será de aplicación aos visitantes externos nin aos traballadores dos centros residenciais de persoas maiores ou con diversidade funcional.

3. O uso de máscaras en centros penitenciarios en que haxa mobilidade dos internos, tanto en exteriores como en espazos pechados, rexeráse por normas específicas establecidas pola autoridade penitenciaria competente.

4. A venda unitaria de máscaras cirúrxicas que non estean empaquetadas individualmente só se poderá realizar nas oficinas de farmacia garantindo unhas condicións de hixiene adecuadas que salvagarden a calidade do produto.»

Dous. Suprímese o número 2 do artigo 15.

Artigo segundo. *Modificación do Real decreto lei 26/2020, do 7 de xullo, de medidas de reactivación económica para facer fronte ao impacto da COVID-19 nos ámbitos de transportes e vivenda.*

Modifícase o artigo 6 do Real decreto lei 26/2020, do 7 de xullo, de medidas de reactivación económica para facer fronte ao impacto da COVID-19 nos ámbitos de transportes e vivenda, para engadirle un número 3 do seguinte teor:

«3. Por proposta dos ministros de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, e de Sanidade, mediante acordo do Consello de Ministros, poderanse modificar as limitacións de acceso aos edificios terminais dos aeroportos de interese xeral, para adaptalas á evolución da pandemia da COVID-19.»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do artigo 149.1.16.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia en materia de sanidade exterior, bases e coordinación xeral da sanidade e lexislación sobre produtos farmacéuticos.

O artigo segundo dítase, ademais, ao abeiro do artigo 149.1.20.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia en materia de aeroportos de interese xeral e tránsito e transporte aéreo.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 24 de xuño de 2021.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN